

**Premio:** VI Premio de banda deseñada “Castelao”

**Organismo:** Deputación Provincial da Coruña

**Participantes:** Poderán participar todas as persoas, maiores de idade, de calquera nacionalidade, que non fosen premiadas nas cinco edicións anteriores, e que presenten narracións en banda deseñada escritas en lingua galega, inéditas e non premiadas en ningún outro premio ou certame. As obras presentadas poderán ser escritas e debuxadas, cada unha delas, por un máximo de dous autores (un como guionista e outro como debuxante).

**Premio:** Estabelécese un premio único dotado con 6.500 €, estando esta cantidade suxeita ás retencións legais que lle fosen aplicábeis. A Deputación publicará a obra premiada, directamente ou a través doutra editorial, mantendo o autor ou autores os dereitos para a posible edición da obra en calquera outra lingua distinta á galega. Así mesmo, cos traballos orixinais será realizada unha exposición de carácter itinerante.

**Requisitos das obras:** A temática das obras será libre, podendo tratarse dunha historia única ou dun conxunto de historias. Os traballos serán presentados por duplicado e en exemplares separados, numerados, grampados ou encadernados, da seguinte forma:

O libro terá que estar rematado, tanto en guión como en debuxo.

O formato deberá ser de mancha 26 x 19 cm., ou proporcional.

O tamaño dos orixinais: mínimo DIN-A4 e máximo DIN-A3.

No caso de que ademais a maiores os traballos se presenten en soporte dixital, deberán figurar a tamaño final (26 x 29 cm.) e en resolución de 300 ppp para color, 400 ppp para grises, ou 600 ppp para branco e negro, en soporte CD e formato TIFF.

A extensión mínima será de 48 páxinas e a máxima de 64.

Para a súa valoración enviaranse copias encadernadas en DIN-A4 con calidade láser.

Os orixinais seranlle requiridos ao gañador para o proceso de edición e de preparación da exposición.

Cada obra será presentada baixo o sistema de plica, polo que será enviada achegada dun sobre aparte, en cuxo exterior constará o seu título, e o pseudónimo do seu autor, incluíndo no seu interior unha folia na que seran reflectidos os datos persoais do escritor: Nome e apelidos, DNI, nacionalidade, enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico. Ademais deberá incluírse unha declaración expresa por medio da que se certificará que a obra é inédita, e que non foi premiada, ata a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio.

No caso de autoría conxunta, deberá incluírse un documento explícito coa participación de cadaquén e a porcentaxe do premio pactada entre os autores, e que estará asinado por ambos os dous.

**Prazo e lugar da presentación:** O prazo de admisión de orixinais finaliza o día 31 de maio de 2010 e deberán ser enviados á Deputación da Coruña, Avda. Alférez Provisional 2, 15006 A Coruña, indicando no sobre “VI Premio de banda deseñada “Castelao”.

**Publicación:** BOP nº 34, 22 de febrero de 2010

**Máis Información (Anexos):**

[http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2010/02/22/2010\\_0000001900.html](http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2010/02/22/2010_0000001900.html)

Deputación da Coruña: Alférez Provisional nº 2, 15006 A Coruña. Tfno: 981 080300